

Estimados/as compañeiros/as:

En maio deste ano cúmprense dous anos dende que me confirmastes en Asemblea Xeral como presidente da nosa asociación, cargo que viña desempeñando de forma interina dende nove meses antes. Cheguei a este posto por circunstancias conxunturais, e acepteino, aínda que eu non me postulara para este, e intentei desempeñalo da forma máis eficiente para o desenvolvemento profesional e científico do noso oficio de médicos de familia.

No próximo Congreso da nosa asociación, que se celebrará en Vigo no mes de maio, elixiremos nova Xunta Directiva. Comunicovos que non me presentarei para continuar como presidente da AGAMFEC, por carecer nestes momentos da motivación que ao meu entender se necesita para desempeñar este cargo. Polo tanto, ánimovos a presentar candidaturas que, como definen os nosos estatutos, deben ser unitarias e conter todos os compoñentes da directiva (presidente, dous vicepresidentes, tesoureiro, secretario e un mínimo de 6 vogais). Deberán ser presentadas na secretaría da asociación polo menos unha hora antes da celebración da Asemblea Xeral, que terá lugar o 24 de maio á 19,00 horas.

Agradézovos a todos o apoio e a axuda que me prestastes, en particular á actual directiva, e pído vos desculpas polos erros que sen dúbida cometín.

Un cordial saúdo,



Manuel Domínguez Sardiña
Presidente da AGAMFEC